

DECEMBRO
2023



José Manuel

BENVIDO A OS COTOS, BENVIDO A ESTA TERRA

Estes días bota a andar con nós José Manuel, diácono permanente que nos vai acompañar nesta nova etapa da Unidade Pastoral de Os Cotos. Con el seguimos dando pequenos pasos neste ser e facer igrexa. Despois dos comezos na compañía de Lence, e despois do asentamento na compañía de Andrés, damos un pasiño máis e agora facémonos acompañar de José Manuel.

El foi ordenado diácono permanente na nosa diocese o 17 de decembro do ano 2005, e estivo exercendo labor pastoral nas parroquias da zoa de Oliveira, tamén na Cañiza, en Budiño, e este último ano na zoa de Crecente e Filgueira.

Como ministro ordenado pode desempeñar moitas das labores que fai o sacerdote. A nivel práctico dicir que o único que non pode facer é consagrar e confesar.

Poderá presidir as celebracións dominicais, poderá enterrar, bautizar, asistir a matrimonios; poderá levar a comunión a enfermos, poderá facer acompañamento espiritual a quen o precise.

Dende este pasado mes de novembro contamos con unha man máis para seguir facéndonos cribles.

Grazas José Manuel pola túa disposición, e BENVIDO.

ATENCIÓN DE CÁRITAS

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos, axudamos a quen nos pida unha man.

Estamos no local da casa reitoral de Fornelos o xoves día 14 de dez a doce da mañá.

CONCERTO DE PANXOLIÑAS DE NADAL
O DOMINGO 17 ÁS 6´30 NA IGREXA DE FORNELOS



"Parecía pouco"

Aquela semana tocume cociña , e o primeiro día tocaban "sobras". Vin na neveira un recipiente cunhas peitugas fritidas e, pensei : *cunha salsa ou algo, será suficiente.*

Confiada, púxenme a preparar a ensalada. Cando fun buscar as peitugas... só había 5!!!. Podo "amañar" as comidas, pero quen fai milagres con elas é Xesús.

Pensei que quedaban máis!!! ,..., e agora, que fago?

Abrín unhas placas de lasaña e as peitugas convertéronse en lasaña de xamón, queixo e polo... pero agora sobaban placas. Tomei un pouco de atún e ovo da ensalada, partín a bechamel, e saquei uns riquísimos canelóns!!

En definitiva, con esas 5 peitugas, «comían todos ata saciar... e gardaban os sobrantes» (cf. Mt 14, 20).

Creo que nunca sentín tanto a angustia dos apóstolos cando se atopaban con só 5 pans para alimentar a unha multitude. Neses momentos, parece que o doado é retirarse e pensar : *con isto, pouco podemos facer!*

Pero só hai que facer como ese neno: poñer os nosos pans nas mans de Xesús, sen mirar se é moito ou pouco.

A todos gustaríanos estar mellor preparados, non sentir mareos á hora de comezar un proxecto. Porén, se agardamos a recoller 5.000 pans, non poderemos dar de comer a ninguén!.

Atopa as cinco diferenzas



SANTO PARA O MES, en decembro, o día 18: ESPERANZA

Nome de orixe latina que significa "esperar, confiar".

A advocación mariana Nosa Señora da Esperanza celébrase o 18 de decembro. Santa Esperanza foi unha mártir romana do século II, filla de Santa Sofía, tivo dúas irmás: Fe e Caridade. O verde é o seu emblema pola cor do campo e das colleitas, e na mitoloxía moderna, a áncora e o arco da vella.

CONSELLO



"O máis increíble
das milagres
é que ocorren".
Gilbert Keith



SEMPRE NA LEMBRANZA DE OS COTOS



O mes de decembro sempre é un mes no que nos envolve o espírito navideño, invitar a xente, cantar panxoliñas, xuntarse con xente que facía tempo que non víamos. Dicimos que é un mes de compartir, aínda que todos os meses deberían ser así, sabemos que non é verdade.



O mes de decembro fainos ser máis sensibles e fainos ter emocións máis fondas de recordos e de ser mellores persoas.

Este mes aínda que será un mes de recordos para todos, este ano será un mes no que a nós, na nosa comunidade de os Cotos, nos falta unha persoa moi importante, pero tamén é bo recordar e chorar, sentir dor e alegría, rirse e recordar eses momentos con *Andrés*, eses momentos que recordamos como se fora hoxe; poderíamos recordar eses pitillos antes da misa, esas cervexas con el, esas ironías que algunhas veces eu mesma non era capaz de pillar e nos ríamos despois; moitas cousas, e cada un de nós teremos moitas.

Creo que poderemos recordar todo iso, pero en vez de facelo con tristura poderíamos facelo cun sorriso, poderíamos preguntarnos cómo?. Pois porque recordalo é mantelo vivo, e mentres siga vivo dentro de nós non se irá da nosa comunidade dos Cotos é seguira sendo un máis da nosa familia.

Dise que cada momento de alegría leva un chisco de tristura pero non porque che falte senón porque recordarás o plenamente feliz que eras cando el estaba con nós e compartía eses momentos á nosa beira.



O Papa Francisco

“Neste Nadal, como lle sucedeu a Xesús, unha humanidade insaciable de diñeiro, poder e pracer tampouco lle fai sitio aos máis pequenos, a tantos nenos por nacer, aos pobres, aos esquecidos. Penso sobre todo nos nenos devorados polas **guerras**, a pobreza e a inxustiza”. “**Cantas guerras**, en tantos lugares hoxe se pisan a dignidade e a liberdade dos pequenos”.

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE DECEMBRO

DÍA 3	LECTURA	1 Cor 1, 3-9	Non paro de dar grazas
	EVANXEO	Mc 13, 33-37	Estade á espreita e atentos
DÍA 10	LECTURA	Is 40, 1-5. 9-11	Velaí o meu Señor que chega
	EVANXEO	Mc 1, 1-8	Preparade o camiño ao Señor
DÍA 17	LECTURA	Is 61, 1-2. 10-11	O Señor fará brotar a xustiza e a paz
	EVANXEO	Xn 1, 6-8. 19-28	Xoán dá testemuño de Xesús
DÍA 24	LECTURA	2 Sam 7, 1-16	Dareiche un herdeiro e farei firme o Reino
	EVANXEO	Lc 1, 26-38	Velaquí a escrava do Señor. Fágase a túa vontade
DÍA 31	LECTURA	Col 3, 12-21	Vida familiar na presenza do Señor
	EVANXEO	Lc 2, 22-40	O neno medra no fogar de Nazaret